

## AS RAZÓNS DO NON AO DECRETO

Xa na inmediatez da publicación destas Bases para a elaboración do Decreto o STEG cualificounas de “clamoroso erro pedagóxico e político” Pasado xa un tempo, e xa cunha análise máis calma, reafirmámonos nas razóns do noso rexeitamento e, desde a tranquilidade de saber que ningún Decreto impedirá o labor da normalización que desde os centros facemos o profesorado, pasamos a facer unha breve síntese das razóns do sentido común e da xustiza.

### Razóns pedagóxicas

Aumentará a perda de competencia lingüística en galego do alumnado, en especial nas contornas castelán falantes.

Perda de competencia lingüística ao non facer que o alumnado se esforce para conseguir o dominio das competencias activas (falar e escribir) e só unha das dúas pasivas (a comprensión oral, xa que a escrita non se garante). Semella que isto non é importante para a lingua propia de Galiza mais si para as linguas estranxeiras para as que é unha obriga (con bo criterio sociolingüístico se o que queremos é que se adquira unha competencia oral).

Se empeoramos o coñecemento das linguas vehiculares, dificultará a aprendizaxe das materias a impartir nos cursos seguintes nesas linguas.

Aumentará o fracaso escolar nas materias que se impartan noutras linguas estranxeiras se antes non hai un axeitado dominio do profesorado e do alumnado. Ao alumnado suporalle un esforzo adicional que previsiblemente afectará negativamente na actitude cara estas materias.

### Razóns sociolaborais

Xerará conflictividade e desequilibrio entre os centros.

Provocará un aumento da dificultade na xestión.

Desvirtuará o CXT coa xeneralización das seccións bilingües, tal e como ven denunciado o STEG desde o 2008.

### Razóns políticas

Incumpre a obriga de protección do galego.

Crea un conflito social e educativo onde non existía confrontando á sociedade en lugar de pescudar a harmonía e convivencia social dentro da normal discrepancia.

Potencia un discurso político falso e perigoso pola conflictividade social que esperta ao asumir unha das maiores falsidades da democracia recente de que o español estaba a desaparecer en Galiza.

Potencia a imaxe, que tantos anos de normalización ían desterrando, da inutilidade do galego fora das contornas familiares e non científicas.

### Razóns legais

Incumpre a normativa de rango superior Estatuto, Constitución e LNL e a propia LOE

Desoe as sentenzas do Supremo, do Constitucional e do TSXG nas que claramente se recolle a obriga da administración de protexer a lingua e promover a discriminación positiva da que foi relegada social e historicamente para situala en pé de igualdade.

Tamén deixan claro que a elección da lingua non é algo que compete ás familias senón á administración.



## Éxito histórico da convocatoria de folga na defensa da lingua galega

**Máis do 80% do profesorado secundou a folga**

**Ao redor de 50.000 persoas enchemos dúas veces a Praza do Obradoiro**

Desde o STEG queremos agradecer a todo o profesorado, ao alumnado, ás nais e pais, e a todas as organizacións que convocaron ou apoiaron a masiva participación á convocatoria de folga e manifestación do 21 de xaneiro.

O éxito das mobilizacións confirma que a sociedade quere unha capacitación real e plena para o alumnado na lingua propia de Galiza polo que non pode rebaixarse a súa presenza no ensino.

Toda a comunidade educativa rexeita unhas bases que, de ir adiante, en lugar de evitar o fracaso escolar detectado por distintos estudos educativos e sociolingüísticos (derradeiro informe PISA e estudo sociolingüístico da RAG do 2004) afondarían nel.

Desde o STEG facemos un chamamento ao presidente da Xunta de Galiza para que mude de

postura e traslade ao titular da Consellaría de Educación a necesidade da retirada das bases. C que menos precisa o ensino galego é a creación de conflitos artificiais que só xeran problemas nos centros incidindo negativamente na aprendizaxe do noso alumnado. Instamos á Consellaría a que se poña a traballar eficazmente nos verdadeiros problemas do ensino e que abandone aventuras e experimentos co nosc alumnado por puros intereses partidistas

Se non escoita o clamor da comunidade escolar, demandando sentido común e traballo para solucionar os verdadeiros problemas do ensino, teremos que pensar que estamos ante uns xestores irresponsábeis que non merecen o cargo que ocupan. Neste sentido, desde o STEG, seguiremos a mobilizarnos para conseguir a retirada destas bases e así salvar ao ensino da peor proposta da súa historia.

# ANALIZANDO AS BASES DO DECRETO

## Lingua a empregar pola administración educativa

Semella que con este documento se abandona o obxectivo, estipulado pola Lei de Normalización Lingüística de 1983, de acadar a **normalización progresiva do uso do galego** na Administración educativa; así como o de **asegurar a galeguización de todos os niveis do sistema educativo**, tanto no ámbito docente coma no das relacións interpersoais entre os distintos membros da comunidade educativa, que se recolle no Plan de Normalización Lingüística de 2004 aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia, pois REBAIXA O NIVEL DE ESIXENCIA DAS MEDIDAS NECESARIAS PARA PROMOVER O USO PROGRESIVO DO GALEGO NO ENSINO. Non se fai fincapé en ningún momento na circunstancia de ser **o galego**

**lingua oficial do ensino en todos os niveis educativos**, nin sequera se fai mención expresa diso, senón que se alude de xeito elusivo á promoción e ao fomento do seu uso oral e escrito sen que iso supoña *unha restrición dos dereitos do persoal docente*.

Establece un principio que resulta cando menos ambiguo ao dispoñer que: *as programacións e outros documentos didácticos das materias de lingua redactaranse, con carácter xeral, na lingua respectiva*. Significa isto que as programacións e, por exemplo, as indicacións de contidos mínimos de inglés se farán en inglés, as de francés en francés, etc.?



## A desaparición dos equipos de normalización

Unha das medidas contempladas nestas bases é a que consiste no **cambio de nome do equipo de normalización**. Dende a súa creación, aló a comezos dos anos 90 os equipos recibiron a denominación *de normalización*. No anterior decreto (no que tivo autoría abonda o actual secretario xeral de Política Lingüística) pasaron a denominarse de normalización e dinamización e agora, xa son só de dinamización. A ninguén se lle escapa que é esta unha intención retirarlles o contido "normalizador" ás tarefas dos equipos. Comezou xa co veto á explicación sobre o famoso cuestionario sobre as enquisas, o acceso aos datos e, xa non digamos, ao tratamento e interpretación deses datos. Durante anos recaeu nos equipos a obriga de facer unha enquisa sobre a situación lingüística nos centros, a proposta de programas e mesmo a elaboración de proxectos lingüísticos para poder acadar os obxectivos que a lei contemplaba. Agora o labor do equipo vai ser "dinamizar"... mais, xorde unha dúbida irresoluble neste contexto esperpéntico: se as consideracións previas ou preconceitos respecto deste asunto xa nos veñen da propia Administración (diagnóstico: a situación é normal) ou das familias (a elección de lingua na que se han impartir certas materias)... que dinamizamos? Dinamizamos por dinamizar ou dinamizamos con algún obxectivo ou finalidade?

Hai que lembrar que nos centros xa se estaba a introducir a figura do dinamizador e que os membros dos equipos teñen demostrado nos últimos vinte anos ser os principais dinamizadores dos centros educativos (tamén é certo que "a los de gallego" lles teñen caído todos estes mortos). Entón... **nesta conxuntura... que dinamicen eles**. Dado que a pertenza aos equipos de dinamización é voluntaria case cabería facer un chamamento á insubmisión e deixar os equipos vacantes.

Por que se especifica que na súa constitución **estarán presentes os representantes das familias, cando non están en ningún outro órgano máis ca no Consello Escolar?** Será, quizais, para exercer un control sobre unha actuación que se prexulga indebida?... de novo latexan certas prevencións sobre estes equipos, que, agora, non porán en práctica programas de normalización lingüística (anterior decreto), senón programas de promoción da lingua (bases).

Por outra banda, o seu labor ha de ser "coordinado" por comisións territoriais, das que a consellería determinará as súas funcións e composición... (de novo, outra volta máis, control sobre os equipos.)

## Incumprimento de normativa de rango superior

Comecemos con dous conceptos que aparecen na doutrina do Tribunal Constitucional (TC):

- **Coñecer unha lingua é condición previa para poder exercer o dereito constitucional de usala.** Unha persoa non pode usar algo, se non o coñece; nin pode decidir usalo, aínda que o coñeza, se ten prexuízos cara a el, ou se sofre presión social ou ambiental que o coarte. Faltando calquera destes elementos, esa persoa non pode exercer a liberdade individual a escoller a lingua oficial da súa preferencia.
- **Discriminación positiva para corrixir desigualdade históricas.** A STC 216/1991 di que A Constitución esixe dos poderes públicos, enfrontados a unha situación de desigualdade de orixe histórica, a adopción dunha actitude positiva e dilixente tendente á súa corrección. No caso da discriminación lingüística, tal e como reiteradamente ditaminou o TC, esixe procesos de normalización progresivos. Nisto asenta a nosa Lei de Normalización Lingüística de 1983.

- **Tratar igual dúas (ou tres) linguas desiguais é un acto de desigualdade.** O TC, en situacións diferentes a esta pero paralelas, xa alertou contra o tratamento formalmente neutro que acaba xerando un impacto adverso (STC 198/1996; STC 145/286/1994 e 147/1995).

- **O Tribunal Constitucional nega inequivocamente que os pais teñan dereito a elixir a lingua do ensino:** na Sentenza do TC 195/1989 declarouse que "ningún dos múltiples apartados do art. 27 da Constitución -nin o primeiro, ao recoñecer o dereito de todos á educación, nin o segundo ou o sétimo, nos que aparecen claramente mencionados os pais dos alumnos (...)- inclúe, como parte o elemento do dereito constitucionalmente garantido, o dereito dos pais a que os seus fillos reciban educación na lingua de preferencia dos seus proxenitores no centro docente público da súa elección". E unha recente sentenza 1098/2007 do TSXG denegou a un pai o dereito a que o seu fillo fose escolarizado en Galicia só en castelán. O reclamante chegou ao Tribunal Supremo que non admitiu o recurso de casación interposto, lembrando a xurisprudencia constitucional e a do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos.

- En canto **incluir como vehicular unha lingua estranxeira**, que implica a obriga do alumnado de coñecerla para adquirir os coñecementos substantivos impartidos, lembremos a sentenza do TX da Comunidade Valenciana 1098/2009 que di que desde o momento que se obriga a que en Educación para a Cidadanía, á hora de avaliar ao alumnado se teña en conta o grao de comprensión e expresión con corrección en lingua inglesa ou estranxeira, está convertendo ilegalmente esa lingua estranxeira en oficial ou cooficial.

Como se ve, hai base legal para soste que estas "Bases" incumpren a legalidade vixente.



# Aprendizaxe de linguas estranxeiras

Ninguén cuestiona hoxe en día a importancia da aprendizaxe de linguas estranxeiras como ferramenta fundamental para as novas xeracións que teñen nacido xa nun mundo fortemente globalizado. A constatación desta importancia é común a todos os países da nosa contorna política, e por iso a ensinanza de idiomas é unha peza estratéxica nas políticas educativas de moitos deles. Podemos dicir que neste ámbito, como en tantos outros en educación, temos exemplos abondosos dos que aprender, por seren modelos avalados por décadas de éxitos na consecución dos obxectivos buscados.

Sorprende, xa que logo, que a actual Consellaría de Educación decida darlle carácter xeral a unha iniciativa da que, ata o de agora, só se pode afirmar que ten carácter experimental. En ningún país atoparemos unha ensinanza coma a proposta nas “bases” do chamado decreto do plurilingüismo; nin sequera en países plurilingües de seu, como pode ser o caso de Luxemburgo.

As seccións bilingües, é dicir, a impartición de materias en linguas estranxeiras, sempre teñen carácter voluntario para o alumnado, o que quere dicir que aqueles con dificultades

quer co inglés (si, por que lle chaman idiomas cando queren dicir inglés?) quer con outras materias, non se atopan con atrancos maiores no seu dereito á educación. Pois está por debater, ante as altas taxas de fracaso escolar ás que aínda non demos posto freo, se a prioridade absoluta do sistema educativo é que o alumnado fale inglés, aínda a costa de que se resintan fortemente os contidos curriculares doutras materias. É dicir, estase a cuestionar o que entendemos por dereito á educación.

Iso, supoñendo que atopen o profesorado capacitado para facelo (e se non, de que están a falar?). E aquí, máis unha vez, vese a trapaallada na que están a pensar desde o goberno, xa que a titulación que pensan pedir garantir que o alumnado aprenda todos os erros que comete calquer falante que só poida acreditar o antigo primeiro ciclo de EOI ou o actual Intermedio II. E en medio de tanta ocorrencia, as demandas máis perentorias do profesorado de idiomas – redución de rateos, aulas materia, profesorado nativo para conversas- sen atenderen... Os experimentos, cando estamos a falar das xeracións vindeiras, con gasosa!!

## Dereito do alumnado a empregar a lingua que queira

Mentres que ata agora era a Administración Educativa a que establecía, nos diferentes niveis da educación obrigatoria e postobrigatoria desde a primaria, unha serie de materias que se debían impartir en galego e dispuña así mesmo que a lingua de uso oral e escrito nesas materias sería, con carácter xeral, o galego, as *Bases para a elaboración do decreto de plurilingüismo* establecen que **a opinión das familias será vinculante para decidir en que idioma se impartirán certas materias**; ademais, só nas clases de lingua galega será preceptivo o uso do galego por parte do alumnado e do profesorado, xa que **nas áreas, materias e módulos impartidos en galego o alumnado poderá utilizar nas manifestacións oral e escrita a lingua oficial da súa preferencia**.

Isto vai repercutir negativamente no obxectivo de **garantir que ao remate dos ciclos en que o ensino do galego é obrigatorio, o alumnado coñeza este, nos seus niveis oral e escrito, en igualdade co castelán**, pois o exercicio das competencias correspondentes ás catro destrezas lingüísticas básicas (entender, falar, ler e escribir) quedará supeditado nesas materias á decisión persoal en cada caso.

Polo demais, e paradoxalmente **esta eventualidade non aparece recollida no que respecta ás materias que se impartan na lingua estranxeira**.

## Por que as familias non poden decidir

A educación é o instrumento do que se dotaron as sociedades modernas para promover a integración e promoción social da cidadanía, garantindo a súa completa formación intelectual e física, de xeito que quede garantido o pleno desenvolvemento dos individuos e a completa integración na sociedade.

Por esa razón, a cidadanía delegou esa ferramenta da cohesión social nos Estados democráticos co fin de que eles regulasen mediante leis ese dereito fundamental e o administrasen como servizo social que chegase a toda a cidadanía en igualdade de condicións.

Daquela, as razóns polas que a Administración non pode delegar un dereito social fundamental ás familias son moitas: primeira, a sociedade non se reduce ao conxunto das familias, senón que é unha realidade moito máis rica e diversa; segunda, a liberdade non se pode exercer senón en condicións de plena igualdade social, económica e cultural, o que non acontece neste momento; terceira, non garante a igualdade de administración dun dereito fundamental, en tanto que xerará múltiples variantes de ensino; cuarta, altera enormemente as condicións laborais do profesorado, sen que esta modificación das súas condicións fose

negociada coas OOSS; quinta, as familias poden desexar o mellor para a súa descendencia, pero ese desexo pode mediatizado por prexuízos e informacións enganosas, polo que as decisións relativas ao currículo ou outros aspectos pedagóxicos teñen que partir dun estudo obxectivo da realidade e de propostas



# A necesidade da normalización

**Normalizar:** restablecer a normalidade de algo. Restablecer as relacións entre as persoas, entidades, etc., que foron alteradas por algunha causa. *Diccionario do uso do español. María Moliner.*

**Normalizar:** facer volver á normalidade algo que non a ten ou que a perdeu. SIN. Regularizar. *Diccionario da Real Academia Galega*

Cando as palabras son violentadas por un uso incorrecto, indebido, ou como é neste caso, interesado, é preciso volver á orixe e partir do auténtico significado. Apliquemos as definicións arriba indicadas, de obras nada sospetosas. Comprobaremos con facilidade que as relacións lingüísticas entre as persoas, institucións, entidades, etc, non só foron alteradas no noso país pola fortísima represión lingüística do franquismo, senón que segue a ser alterada na actualidade polo legado diglósico que deixou na memoria de varias xeracións. Éste feito é especialmente evidente entre as xeracións máis novas, é dicir, o noso alumnado.

O último informe PISA (da OCDE) reconece unha boa competencia do alumnado galego en lingua española, mais non así en lingua galega tal e como constata o informe sociolingüístico da RAG do 2004.

Cabe, xa que logo, facerse varias preguntas que o profesorado podemos contestar con facilidade: corre o noso alumnado perigo de non adquirir a competencia plena en español? Lembremos que esta foi a mentira reiterada durante meses e asumida nestas Bases polo goberno da Xunta, a pesares de contradicir o informe PISA tan citado para outras cousas...

Teñen a mesma competencia plena (falar, entender, ler e escribir) en galego?

Existen na sociedade os mesmos medios audiovisuais e escritos para unha lingua e para outra?

Sufriu a lingua española o desprestixio social do galego que leva a que moitas nais e pais consideren que non é preciso transmitila, algo impensable en calquera país “normalizado”?

Coidamos que respostar a estas preguntas non depende da conciencia ou ideoloxía de quen conteste, se non da súa honestidade intelectual.

A realidade social, mediática e mesmo educativa, está a facer un proceso de inmersión de toda a sociedade galega nun monolingüismo en castelán polo que será preciso compensar esta realidade indiscutible con políticas na educación –e máis alá dela- que compensen esa desigualdade. Desde o sistema educativo temos a obriga de transmitir o noso patrimonio lingüístico, e para isto a Administración ten que facer xustiza potenciando, para normalizar, o que “foi alterado por algunha causa”. A protección do que xa está protexido (a lingua española) política, mediática e sobre todo economicamente, como se partise do mesmo status que o galego, é unha aberración histórica, unha irresponsabilidade política e un erro pedagóxico que, se non o detemos, non terá volta atrás.

A discriminación positiva para o desigual, que no caso do galego só pode estar no horizonte da inmersión lingüística, é unha obriga democrática da que a Administración, o profesorado, e toda a sociedade galega debemos participar sabedores de que ampliaremos os coñecementos do noso alumnado, sen coutarlles ningún outro. Se o facemos ben, tamén lles regalaremos algo da autoestima da que soen andar tan faltos.

# O que opina cada quen

## Partidos Políticos

### PP

"Modelo equilibrado entre as dúas linguas oficiais"

### PSOE

"Retirada do decreto e volver a empezar"  
"Feijoo está só no seu ataque á lingua galega"

### BNG

"O PP e a Xunta de Galiza atacan a lingua galega, seguindo compromisos adquiridos con sectores minoritarios e extremistas"  
"Trátase dun borrador de decreto inservíbel e tramposo, que é rexeitado pola sociedade galega, e ademais vai ser creador de conflitos, pois non é aplicábel no sistema educativo"

### Esquerda Unida

"Ataque político sen precedentes contra a nosa lingua e a nosa cultura"  
"Incumpre toda normativa de rango superior ao contravir a protección do galego"  
"Chamada á mobilización da cidadanía, especialmente á comunidade educativa"

### UPyD

"No garantiza la libertad de elección lingüística e incumple las promesas realizadas por Feijóo y el PP"

## Sindicatos

### CIG

"Non aceptaremos ningunha proposta que signifique algún retroceso do lexislado até de agora en relación coa normalización lingüística"  
"Retroceso absoluto con respecto a todos os decretos aprobados desde a promulgación, en 1983, da Lei de Normalización Lingüística, retrotraendo así o uso do noso idioma á época franquista"  
"A proposta de que se impartan as materias nun 30% en español, noutro 30% en galego e noutro 30% en inglés é unha medida segregacionista, elitista e discriminatoria"  
"O goberno elude as súas responsabilidades e traslada o conflito aos centros educativos"

### CCOO

"A proposta, racha unilateralmente o consenso do 2004, e en consecuencia, maniféstase inválida tanto pola forma como polo fondo, para acadar un novo consenso"  
"CCOO manifesta a súa vontade para artellar un novo consenso que concilie os dereitos lingüísticos de todos os cidadáns de Galicia"

### UGT

"Consideramos este borrador confuso no fondo e impresentable na forma"  
"Traslada ós pais e nais decisións que corresponden á Administración Educativa"  
"Demandamos unha rectificación na Administración Educativa que nos leve a potenciar o galego no ensino para acadar competencias en igualdade de condicións co castelán"

### ANPE

"Esforzaremos por lograr na súa tramitación un verdadeiro compromiso para que se impulse o plurilingüismo"  
"O Claustro é o único órgano con capacidade decisoria no currículo"

### CSIF

Concorda co decreto.

## MRPs

### Nova Escola Galega

"O novo Decreto fará imposible, desde un punto de vista estritamente pedagóxico, dar cumprimento ao previsto na lexislación educativa sobre competencia lingüística"  
"A normativa proposta este pasado 30 de decembro polo Consello da Xunta despreza absolutamente toda a armazón lexislativa construída ao longo de tres décadas"  
"O tratamento aparentemente "igualitario" diante de realidades lingüísticas moi desiguais no seu carácter, desenvolvemento, presenza social e problemática, só pode traer como consecuencia un maior retroceso para a lingua galega"

### ASPG

"A ASPG rexeita esta ou calquera outra norma que reste usos e feche espazos para o noso idioma"  
"Resulta disparatado denominalo decreto de plurilingüismo, cando é obvio que a súa aplicación reduciría o desenvolvemento competencial do alumnado e incidiría negativamente no proceso de normalización"  
"Esta proposta racha co modelo consensuado até o presente e abre o rego da segregación e da fractura social"

## A Real Academia Galega

"Os puntos fortes do proxecto de Decreto parecen de legalidade dubidosa; outros artigos introducirían nos Centros malestar, sufrimento ou desorde e iso é o contrario do que debe perseguir calquera ordenamento xurídico; outros son tan dificilmente aplicables que previsiblemente impedirían iniciar a implantación deste Decreto"  
"Estas Bases pónenlle ao galego un límite no 33%; iso non é o centro de gravidade nin corrixe a histórica desigualdade co castelán de que fala a Tribunal Constitucional. Polo tanto non procede darlles o Prace desta Academia"  
"Cando se perden de vista dúas persoas que camiñaban xuntas, o mellor é sempre volver ao último punto no que estiveron xuntas. Se se di que o Decreto vixente rompeu o consenso, vólvese ao último punto no que houbo concordia a aprobación unánime do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega"  
"Na reactivación do Plan Xeral e na transversalidade da Política Lingüística, que hoxe parece reducida, está o futuro da pacificación lingüística"

## O día 22

### Consellería de Educación (nota oficial publicada en [www.xunta.es](http://www.xunta.es))

"A totalidade dos centros educativos abriron as súas portas e impartiron maioritariamente as clases como nun día normal"

### José Manuel Pinal (Director Xeral de centros e Recursos humanos)

"A convocatoria é una simple consecuencia da falta de argumentos dos convocantes"  
"O único que lle pedimos á xente e que entenda a realidade, e que non intente impoñer os seus puntos de vista desde posicións meramente políticas."  
"Con esta folga vulneráronse os dereitos dos escolares só cunha finalidade partidista"

### Antonio Rodríguez Miranda (portavoz do PP)

"La mayoría de la gente que asistió a la marcha eran personas que fueron presionadas por los piquetes preventivos"

### Feijoo

"El equilibrio y la igualdad a la hora utilizar el castellano y el gallego en las aulas es un criterio compartido por todas las instituciones apolíticas y por las que no están dentro de las plataformas nacionalistas"

## Galicia bilingüe

"Enseñanza en el idioma materno, hasta completar el primer ciclo de Primaria. En el resto de Educación Primaria, ESO y 1º de Bachillerato, las familias escogerán la lengua vehicular de las materias troncales, impartíndose el resto en la otra lengua."

## Especialistas en dereito

Arredor de sesenta peroas da avogacía, maxistratura, xudicatura e profesorado de Dereito elaboraron unha análise xurídica do decreto do plurilingüismo.

"Os puntos de fricción son que os dereitos fundamentais -como a educación - non poden someterse a votación; que o ensino ten que conseguir un resultado igualitario, pero para iso deben establecerse discriminacións positivas se hai puntos de partida desigual; que o trato de linguas oficiais e estranxeiras non pode ser equiparado; que a Carta Europea de Linguas Rexionais é unha norma con rango de lei e prevé un ensino preescolar «garantido» nas linguas rexionais ou minoritarias e, finalmente, que o Estatuto de Autonomía establece como lingua da Administración o galego, polo que a liberdade de opción lingüística dos cidadáns

## A Universidade (comunicado conxunto das 3 universidades galegas)

"Non se asegura a necesaria competencia lingüística en galego"  
"É fundamental consolidar o galego como lingua vehicular no ensino obrigatorio, única garantía do dominio terminolóxico necesario no contexto do ensino superior"

## A facultade de Ciencias da Educación da USC

"Todos os estudos sociolingüísticos avalan que a lingua hexemónica en Galicia é o castelán. En consecuencia, o obxectivo de competencia bilingüe semellante non se pode asentar sobre a filosofía do formal equilibrio e reparto lingüístico na escola, senón que reclama un papel de discriminación positiva para o galego"



© LÓPEZ